

CURSO 2011-2012

CIRCULAR - 2

A tódolos pais e alumnos do Colexio:

A dirección do Colexio , oído o Consello Escolar, sobre o uso do portal do patio inferior, informa do seguinte:

A decisión de que o recinto escolar debe estar pechado non é arbitraria nin caprichosa. Tanto a Consellería como o Concello levan pedindo dende fai tempo, que se pechen os recintos escolares e se controle as entradas nos mesmos.

Xa se enviou unha circular anteriormente, na que se informaba aos pais/nais de que non poden deixar ao alumnado dentro do recinto escolar ata 15 minutos antes da hora de entrada e outros 15, como máximo, na hora da saída (salvo o alumnado usuario das aulas matinais – se as houbera- xa que estes estarían baixo a vixilancia dun adulto)

Segundo o Concello, o Colexio só ten un portal para entrada e saída de pais/nais e alumnado. É o portal pequeno do patio superior. Agora mesmo, o Concello está instalando un video-porteiro en dito portal para que este permanentemente pechado e só se lle abra a persoa que toque o timbre.

O Consello Escolar debateu a proposta levada pola ANPA e o escrito presentado por algún pai sobre o uso do portal inferior. Unha vez oídos os argumentos dos diferentes sectores escolares, a dirección do centro tomou a seguinte decisión:

1º.-SOLICITAR unha entrevista co Concelleiro de Vías e Obras para reclamar, coa máxima urxencia, a construción dunha beirarrúa en toda a circunvalación ao centro.

2º.-Mentres non se faga dita beirarrúa AUTORIZAR aos pais/nais e alumnado, o uso do portal inferior no horario de 9:00 a 9:15 horas e de 14:10 a 14:30 horas. SÓ PARA USO PEATONAL (non se pode entrar con ningún tipo de vehículos).

Fora dese horario, todo o mundo terá que utilizar o portal pequeno tocando o timbre coma en calquera outra propiedade.

Unha vez feitas as beirarrúa esta dirección non terá máis remedio que cumprir a normativa correspondente e volver a pechar dito portal (salvo que se buscase unha alternativa viable para todos)

Valadares a 13 de outubro de 2011

O DIRECTOR



Información colgada na web do colexio:

<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>